

NORMATIVA 2016 – 2017

BOLSAS - FORMACIÓN ADESTRADORES

BOLSAS PARA CURSOS DE INICIACIÓN

A Federación Galega de Baloncesto en colaboración con “Caixabank” outorgará as seguintes Bolsas para os diferentes Cursos de Adestradores que organizará durante a Tempada 2016-17:

AXUDAS ECONÓMICAS

Axudarase con:

- Desconto de ata o 50% da súa cota de inscrición, nos Cursos de Nivel Iniciación na tempada 2016 - 2017 **aos alumnos que, sendo cualificados como “APTOS” na primeira convocatoria do curso, cumpran tamén os seguintes requisitos:**
 - ***Data de Nacemento: ano 1995 e posteriores.***
 - ***Ser residente en Galicia.***

Para demandar a Bolsa, o solicitante cumprimentará o formulario de Solicitud de Bolsa conxuntamente ca súa inscrición no Curso e presentará a documentación esixida.

En ningún caso se tramitarán solicitudes de bolsas con posterioridade ao inicio do curso.

O ALUMNO/A INGRESARÁ A TOTALIDADE DA COTA DE INSCRICIÓN DO CURSO QUE LLE CORRESPONDA e, posteriormente, unha vez realizado o Curso, a Federación Galega de Baloncesto reintegraralle os importes das axudas na conta que o alumno/a lle indique.